



SEMANA  
SANTA  
2008  
LUGO

# A Semana Santa en Lugo



Dentro do calendario litúrxico do ano cristián, a Semana Santa celebra o misterio da morte e resurrección de Cristo. Despois da Coresma, camiño penitencial que evoca nos seus corenta días os corenta anos da viaxe do pobo hebreo polo deserto, desde a escravitude de Exipto á liberdade da Terra Prometida, o Domingo de Ramos, coa entrada triunfal de Xesús en Xerusalén, abre a conmemoración do Misterio da Redención, eixe fundamental do Cristianismo.

A Catedral de Lugo, fermoso edificio esencialmente románico e gótico, é o centro principal das celebracións da Semana Santa lucense, que se desenvolven dentro dun senlleiro casco histórico e monumental, rodeado pola muralla romana, Patrimonio da Humanidade, a única que conserva íntegro o seu circundo en todo o territorio do Imperio.

Lugo, a Roma galega, é tamén unha cidade singular na cristiandade católica, pois a súa Catedral goza do privilexio de Exposición Continua do Santísimo Sacramento, feito que lle outorga algunhas particularidades á celebración da Paixón. Trátase dun privilexio inmemorial que algúns historiadores fan remontar ós tempos do Reino Suevo de Galicia, época na cal se afirma que Lugo compartiu dentro do reino a condición de sé metropolitana coa de Braga, na que daquela era a Galicia do Sur.

A liturxia catedralicia da Semana Santa de Lugo, presidida polo bispo da diocese, conta ademais coa colaboración musical do Orfeón Lucense, agrupación fundada en 1879 polo gran músico Xoán Montes, o creador da *Negra sombra*, que foi organista e mestre de capela da catedral de Lugo e autor tamén dunha vastísima produción de música relixiosa.

Todo isto dálle á Semana Santa lucense un carácter moi especial. A devoción popular maniféstase en actos coma o Via Crucis que percorre todo o adarve da muralla; na procesión da Virxe da Esperanza, co canto da "Salve Mariñeira" por unha unidade ferrolá da Armada Española; na procesión da Última Cea, con características propias debidas ó privilexio da Exposición Permanente, antes de proceder á reserva do Santísimo; na procesión do Santo Entero, que é a central da semana, coa participación de todas as confrarías da cidade; na multitudinaria procesión nocturna das Caladiñas; e finalmente na procesión do Santo Encontro, na que a Virxe do Rosario, patroa especial da Corporación Municipal, sae da Casa do Concello para encontrarse co seu Fillo resucitado na Catedral.

# La Semana Santa en Lugo



Dentro del calendario litúrgico del año cristiano, la Semana Santa celebra el misterio de la muerte y resurrección de Cristo. Después de la Cuaresma, camino penitencial que evoca en sus cuarenta días los cuarenta años del viaje del pueblo hebreo por el desierto, de la esclavitud de Egipto a la libertad de la Tierra Prometida, el Domingo de Ramos, con la entrada triunfal de Jesús en Jerusalén, abre la conmemoración del Misterio de la Redención, eje fundamental del Cristianismo.

La Catedral de Lugo, bello edificio esencialmente románico y gótico, es el centro principal de las celebraciones de la Semana Santa lucense, que se desarrollan dentro de un singular casco histórico y monumental, rodeado por la muralla romana, Patrimonio de la Humanidad, la única que conserva íntegro su circundo en todo el territorio del Imperio.

Lugo, la Roma gallega, es también una ciudad singular en la cristiandad católica, pues su Catedral disfruta del privilegio de Exposición Continua del Santísimo Sacramento, lo que otorga algunas particularidades a la celebración de la Pasión. Se trata de un privilegio inmemorial que algunos historiadores hacen remontar a los tiempos del Reino Suevo de Galicia, época en la cual se afirma que Lugo compartió dentro del reino a condición de sede metropolitana con la de Braga, en la que entonces era la Galicia del Sur.

La liturgia catedralicia de la Semana Santa de Lugo, presidida por el obispo de la diócesis, cuenta además con la colaboración musical del Orfeón Lucense, agrupación fundada en 1879 por el gran músico Xoán Montes, el creador de la canción *Negra sombra*, que fue organista y maestro de capilla de la catedral de Lugo y autor también de una vastísima producción de música religiosa.

Todo esto da a la Semana Santa lucense un carácter muy especial. La devoción popular se manifiesta en actos como el Vía Crucis que recorre todo el adarve de la muralla; en la procesión de la Virgen de la Esperanza, con el canto de la "Salve Marinera" por una unidad ferrolana de la Armada Española; en la procesión de la Última Cena, con características propias deber al privilegio de la Exposición Permanente, antes de proceder a la reserva del Santísimo; en la procesión del Santo Entierro, que es la central de la semana, con la participación de todas las cofradías de la ciudad; en la multitudinaria procesión nocturna de las "Caladiñas"; y finalmente en la procesión del Santo Encuentro, en la que la Virgen del Rosario, patrona especial de la Corporación Municipal, sale de la Casa Consistorial para encontrarse con su Hijo resucitado en la Catedral.

# 14 MARZO Venres



## 20:30 h. / SOLEMNE VIA CRUCIS POLA MURALLA

O solemne Via Crucis terá o seu inicio na Praza de Santa María, ó carón da Catedral, subindo ó adarve da muralla romana pola rampa da Porta de Santiago, e dando unha volta completa polo paseo de ronda. Rematará de novo na Praza de Santa María, onde lle poñerá fin o Rvdmo. Prelado Diocesano que o presidirá.

Prégase ás persoas asistentes que porten velas acesas e que garden absoluto silencio durante toda a celebración e percorrido.

As torres da maxestosa fachada oeste da catedral ollan cara ó río Miño por riba da muralla romana, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2000.

O ancho paseo de ronda da muralla lucense ten unha lonxitude de máis de dous quilómetros, ó longo dos cales decorre este senlleiro acto litúrxico.

El solemne Via Crucis dará comienzo en la Praza de Santa María, junto a la Catedral, subiendo al adarve de la muralla romana por la rampa de la Puerta de Santiago, y efectuando una vuelta completa por el paseo de ronda. Acabará de nuevo en la Praza de Santa María, donde le pondrá fin el Rvdmo. Prelado Diocesano que lo presidirá.

Se ruega a las personas asistentes que porten velas encendidas y que guarden absoluto silencio durante toda la celebración y recorrido.

Las torres de la majestuosa fachada oeste de la catedral miran hacia el río Miño por encima de la muralla romana, declarada Patrimonio de la Humanidad por la UNESCO en el año 2000.

El ancho paseo de ronda de la muralla lucense tiene una longitud de más de dos kilómetros, a lo largo de los cuales transcurre este singular acto litúrgico.

# 15 MARZO Sábado



## 20:30 h. / PREGÓN

A cargo de

MARTA RIVERA DE LA CRUZ

(Pórtico musical a cargo de SOLO VOCES)

LUGAR: Círculo de las Artes (Salón Regio)

MARTA RIVERA DE LA CRUZ naceu en Lugo en 1970, nunha familia de xornalistas, é licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense e colaboradora habitual de diversos medios de gran difusión.

Comezou a súa carreira literaria en 1996 con *El refugio*, gañando o «Premio de Novela Corta Joven y Brillante». Dous anos despois recibiu o «Ateneo Joven de Sevilla» por *Que veinte años no es nada*, e no 2006 foi finalista do Premio Planeta con *En tiempo de prodigios*. Publicou ademais outras novelas e relatos, e libros de ensaio como *Tristezas de amor* ou *Grandes de España*. Recientemente gañou o premio de xornalismo Puro Cora convocado por El Progreso, coincidindo coa celebración do centenario deste xornal.

MARTA RIVERA DE LA CRUZ, nacida en Lugo en 1970 en una familia de periodistas, es licenciada en Ciencias de la Información por la Universidad Complutense y colaboradora habitual de diversos medios de gran difusión.

Comenzó su carrera literaria en 1996 con *El refugio*, ganando el «Premio de Novela Corta Joven y Brillante». Dos años después recibió el «Ateneo Joven de Sevilla» por *Que veinte años no es nada*, y en el 2006 fue finalista del Premio Planeta con *En tiempo de prodigios*. Publicó además otras novelas y relatos, y libros de ensayo como *Tristezas de amor* o *Grandes de España*. Recientemente ha ganado el premio de periodismo Puro Cora convocado por El Progreso, coincidiendo con la celebración del centenario de este periódico

# 16 MARZO Domingo de Ramos



## 12:00 h. / BENDICIÓN DE RAMOS

LUGAR: Praza de Santa María

A continuación,

## PROCESIÓN DE “LA BORRIQUITA”

ORGANIZA: Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén.

ITINERARIO: Praza de Santa María, Praza Maior, Rúa da Raíña, Santo Domingo, Armanyà, Praza Maior.

Ó rematar a procesión celébrase a misa na Catedral.

Al acabar la procesión se celebra misa en la Catedral.

Os nenos e nenas da Confraría da Entrada Triunfal desfilan belamente ataviados de soldados romanos e hebreos con palmas, segundo a tradición de estirpe franciscana. O paso da burriña é unha fermosa e leda obra do imaxineiro compostelán contemporáneo Manuel Miranda, cunha estética moi parecida á dos grandes beléns italianos clásicos.

Los niños y niñas de la Cofradía de la Entrada Triunfal desfilan bellamente ataviados como soldados romanos y hebreos con palmas, según la tradición de estirpe franciscana. El paso de la borriquita es unha hermosa y alegre obra del imaxinero compostelano contemporáneo Manuel Miranda, con una estética muy parecida a la de los grandes belenes italianos clásicos.

## 20:30 h. / PROCESIÓN DA VIRXE DAS DOLORES

ORGANIZA: Confraría do Desenravo do Señor e das Maires Dolores de María Santísima.

ITINERARIO: Convento Franciscanos, Praza Maior, Raíña, Xoán Montes, Progreso, Santo Domingo, Tte. Coronel Teijeiro, Armanyà, Santo Domingo, Raíña, Praza Maior, Convento Franciscanos.

Os confrades do Desenravo visten unha ampla túnica e capuz negros, e no peito o escudo co Corazón da Virxe das Dolores bordado sobre branco, faixa vermella, guantes brancos e capa branca coa cruz dos Cabaleiros do Santo Sepulcro ó lado esquerdo.

Los cofrades del Desenlavo visten amplia túnica y capuz negros, y al pecho el escudo con el Corazón de la Virgen de los Dolores bordado sobre blanco, faja roja, guantes blancos y capa blanca con la cruz de los Caballeros del Santo Sepulcro al lado izquierdo.

Este ano celébrase o cincuentenario da bendición da imaxe da Virxe das Dolores, que se venera na igrexa dos PP. Franciscanos.

Este año se celebra el cincuentenario de la bendición de la Virgen de los Dolores, que se venera en la iglesia de los PP. Franciscanos.

20:30 h. CONCERTO EXTRAORDINARIO de Semana Santa (información en páxina 15)

# 17 MARZO Luns Santo



## 20:30 h. / PROCESIÓN DA VIRXE DA ESPERANZA

ORGANIZA: Insigne Confraría da Virxe da Esperanza.

ITINERARIO: Campo Castelo, Ronda da Muralla, Bispo Aguirre, Rúa dos Clérigos, Praza de Pío XII, Bon Xesús, Praza de Santa María, Praza Maior (cantón), Rúa da Raíña, Rúa de Xoán Montes, Rúa do Progreso, Praza de S. Domingos, Rúa da Raíña, retirada.

Os confrades da Virxe da Esperanza visten roupón branco con botóns verdes, guantes brancos e capuz e faixa verdes coa insignia da Confraría bordada: unha áncora, e sobre ela o Corazón de María atravesado cunha espada de dor.

Nesta procesión participa unha unidade procedente de Ferrol da Armada Española (Irmán Maior Honorario da Confraría), que ó final do percorrido interpreta a SALVE MARIÑEIRA. As tropas chegan a Lugo xa pola mañá. Ás 12:10 a Garda de Gala forma nas escaleiras da Casa do Concello, e as Tropas de Honores da Mariña na Praza Maior; vinte minutos despois pasa revista o Almirante Xefe; a continuación hai desfile e un breve concerto da Banda de Música.

Ás 20:30 as autoridades, reunidas no Concello, incorpóranse á procesión, que sae da igrexa de Santiago "A Nova" coa seguinte orde: Banda de cornetas e tambores, Guións, Presidente e Confrades Fundadores, Paso da Virxe da Esperanza, Almirante Xefe, Xefes da Armada, Xunta de Confrarías, Presidente da Deputación, Alcalde e Subdelegado do Goberno, Penitentes e Compañías de Honores.

Los cofrades de la Virgen de la Esperanza visten ropón blanco con botones verdes, guantes blancos y capuz y faja verdes con la insignia de la Cofradía bordada: un ancla, y sobre ella el Corazón de María atravesado con una espada de dolor.

En esta procesión participa una unidad procedente de Ferrol de la Armada Española (Hermano Mayor Honorario de la Cofradía), que al final del recorrido interpreta la SALVE MARINERA. Las tropas llegan a Lugo ya de mañana. A las 12:10 la Guardia de Gala forma en las escaleras de la Casa Consistorial, y las Tropas de Honores de la Marina en la Praza Maior; veinte minutos después pasa revista el Almirante Xefe; a continuación hay desfile y un breve concierto de la Banda de Música..

A las 20:30 las autoridades, reunidas en el Ayuntamiento, se incorporan a la procesión, que sale de la iglesia de Santiago "A Nova" con el siguiente orden: Banda de cornetas y tambores, Guiones, Presidente y Confrades Fundadores, Paso de la Virgen de la Esperanza, Almirante Xefe, Jefes de la Armada, Junta de Cofradías, Presidente de la Diputación, Alcalde y Subdelegado del Gobierno, Penitentes y Compañías de Honores.

# 18 MARZO Martes Santo



## 20:30 h. / PROCESIÓN DO BON XESÚS E DO NAZARENO

ORGANIZA: Episcopal e Catedralicia Confraría do Bon Xesús.

ITINERARIO: Catedral, Praza de Pío XII, Rúa do Bon Xesús, Praza de Santa María, Conde Pallares, Armanyà, Praza de Santo Domingo, Rúa da Raíña, Praza Maior, Clérigos, Catedral.

Ó pasar a carroza por diante da Casa do Concello, a cantante lucense Alba Mesa interpretará unha saeta.

Os confrades, que portan grandes cruces de madeira, como Simón o Cireneo que lle axudou a Cristo a levar a súa, visten roupón morado, faixa branca con cingulo amarelo, guantes brancos e capuchón branco coa insignia da Confraría, na que figura en vermello a Cruz de Santiago. Con ela desfila unha unidade do Exército de Terra, Irmán Maior Honorario.

Antes da procesión, ás 19:05, unha unidade da Brilat "Galicia" VII procedente de Figueirido forma diante da Casa do Concello, a onde dez minutos despois chega o Xefe ó mando, que saúda ó Alcalde e ós demais membros da Corporación. Inmediatamente ten lugar a revista de tropas, e seguidamente, despois dun intercambio de agasallos, o Concello ofrece un refrixerio no Salón de Comisións.

Al pasar la carroza ante la Casa Consistorial, la cantante lucense Alba Mesa interpretará una saeta.

Los cofrades, que portan grandes cruces de madera, como Simón el Cireneo que ayudó a Cristo a llevar la suya, visten roupón morado, faixa branca con cingulo amarillo, guantes brancos y capuchón blanco con la insignia de la Cofradía, en la que figura en rojo a Cruz de Santiago. Con ella desfila una unidad del Ejército de Terra, Hermano Mayor Honorario.

Antes de la procesión, a las 19:05, una unidad de la Brilat "Galicia" VII procedente de Figueirido forma ante la Casa Consistorial, a donde diez minutos después llega el Jefe al mando, que saluda al Alcalde y a los demás miembros de la Corporación. Inmediatamente tiene lugar la revista de tropas, y seguidamente, después de un intercambio de regalos, el Ayuntamiento ofrece un refrigerio en el Salón de Comisiones.



# 19 MARZO Mércores Santo



11:00 h. / MISA CRISMAL

LUGAR: Catedral

20:30 h. / PROCESIÓN DO CRISTO DO PERDÓN E DA VIRXE DA PIEDADE E VIA CRUCIS PENITENCIAL

ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e Nosa Señora da Piedade.

ITINERARIO: Catedral, Praza de Pío XII, Rúa do Bon Xesús, Praza de Santa María, Praza Maior, Rúa da Raíña (Vía Crucis), Santo Domingo, Rúa da Raíña, Praza Maior, Praza de Santa María, Catedral.

O hábito dos confrades consiste en saial negro, faixa vermella con cingulo branco, guantes negros e capirote vermello coa insignia da Confraría. Membros do Instituto da Garda Civil, Irmán Maior Honorario, danlle escolta á imaxe do Cristo do Perdón.

O paso do Cristo do Perdón lembra as palabras de Xesús Crucificado cando di "Perdóalles, Pai, porque non saben o que fan". Pero evoca tamén o antigo costume de indultar e liberar un preso pola intercesión do Salvador.

El hábito de los cofrades consiste en sayal negro, faja roja con cingulo blanco, guantes negros y capirote rojo con la insignia de la Cofradía. Miembros del Instituto de la Guardia Civil, Hermano Mayor Honorario, dan escolta a la imagen del Cristo del Perdón.

El paso del Cristo del Perdón recuerda las palabras de Jesús Crucificado que dice: "Perdónales, Padre, porque no saben lo que hacen". Pero evoca también la antigua costumbre de indultar y liberar un preso por la intercesión del Salvador

# 20 MARZO Xoves Santo



18:00 h. / MISA DA CEA DO SEÑOR

LUGAR: Catedral

19:30 h. PROCESIÓN DA ÚLTIMA CEA

ORGANIZA: Confraría Sacramental.

ITINERARIO: Catedral, Praza de Pío XII, Rúa do Bon Xesús, Praza de Santa María, Praza Maior, Praza de Santa María, Catedral.

Ó remate da procesión, cumprindo coa liturxia establecida para o tempo en que se conmemora a Paixón, o Corpo de Cristo é depositado no chamado Sagrario de Reserva.

Os confrades visten un amplo manto de cor crema, cerrado no peito con alamares, e un longo cordón con borlas ó pescozo, e ó lado esquerdo sobre o brazo o escudo da Confraría, reprodución da Custodia da Exposición Continua do Santísimo Sacramento na Catedral.

A Reserva do Santísimo ten en Lugo un especial significado histórico e litúrxico, pois a Basílica lucense goza do privilexio inmemorial da súa Exposición Continua no esplendoroso altar maior. Desde 1963 está vixente o novo privilexio de trasladar procesionalmente a Sagrada Forma polas rúas da cidade. O paso da Última Cea, con esculturas de tamaño natural, inclúe sobre a mesa o grande e suntuoso tabernáculo procesional, dentro do cal se instala o viril ou custodia de man.

Al finalizar la procesión, cumpliendo con la liturgia establecida para el tiempo en que se conmemora la Pasión, el Cuerpo de Cristo es depositado en el llamado Sagrario de Reserva.

Los cofrades visten amplio manto de color crema, cerrado en el pecho con alamares, y un largo cordón con borlas al cuello, y al lado izquierdo sobre el brazo el escudo de la Cofradía, reproducción de la Custodia de la Exposición Continua del Santísimo Sacramento en la Catedral.

La Reserva del Santísimo tiene en Lugo un especial significado histórico y litúrgico, ya que la Basílica lucense disfruta del privilegio inmemorial de su Exposición Continua en el esplendoroso altar mayor. Desde 1963 está vigente el nuevo privilegio de trasladar procesionalmente la Sagrada Forma por las calles de la ciudad. El paso de la Última Cena, con esculturas de tamaño natural, incluye sobre la mesa el grande y suntuoso tabernáculo procesional, dentro del cual se instala el viril o custodia de mano.

# 21 MARZO Venres Santo



## 12:00 h. / VIA CRUCIS

LUGAR: Catedral

## 18:00 h. / CELEBRACIÓN DA PAIXÓN DO SEÑOR

LUGAR: Catedral

## 18:30 h. / ACTO DO DESENCRAVO DO SEÑOR

ORGANIZA: Decana Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

LUGAR: Igrexa PP. Franciscanos

Para este acto emprégase unha imaxe articulada de Cristo, construída polo obradoiro compostelán moderno de Rodríguez e Puente.

Para este acto se usa una imagen articulada de Cristo, construida por el taller compostelano moderno de Rodríguez y Puente.

## 20:00 h. / PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO

ORGANIZA: Orde Franciscana Segrar e Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

ITINERARIO: Capela da Virxe da Soidade, Praza da Soidade, Armanya, Conde Pallares, Praza Maior, Rúa da Raíña, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Ribadeneira, Quiroga Ballesteros, Capela da Virxe da Soidade (fondo de Santo Domingo).

A Orde Franciscana Segrar pola súa natureza non usa hábito. O da Confraría do Desencravo quedou descrito na procesión da Virxe das Dolores do Domingo de Ramos. Como portadores actúan membros da Policía Autonómica de Galicia, Irmáns Maiores da Confraría.

La Orden Franciscana Seglar por su naturaleza no usa hábito. El de la Cofradía del Desencravo ha quedado descrito en la procesión de la Virgen de los Dolores del Domingo de Ramos. Como portadores actúan miembros de la Policía Autonómica de Galicia, Hermanos Mayores de la Cofradía.

A procesión do Santo Enterro sae da Capela da Soidade, xunta a igrexa gótica do antigo convento de San Francisco, no claustro do cal se representaban xa antes do século XVII as escenas principais da Paixón. É o acto central da Semana Santa, e as

La procesión del Santo Entierro sale de la Capilla de la Soledad, junto a iglesia gótica del antiguo convento de San Francisco, en el claustro del cual se representaban ya antes del siglo XVII las escenas principales de la Pasión. Es el acto central de la Semana Santa, y

## 21 MARZO Venres Santo



outras Irmandades incorpóranse ás 20:15 ó seu paso ó carón da Praza de Santa María.

A imaxe de Cristo Xacente, que procede do antigo Convento de San Domingos e hoxe pertence á Orde Franciscana Segrar, é atribuída ó escultor do século XVIII Agustín de Baamonde. A imaxe da Virxe da Soidade, ou da Sétima Dor, que acompaña o seu Fillo na procesión, é obra do notable imaxineiro e ourive compostelán Manuel de Prado Mariño, que floreceu no derradeiro terzo do século XVIII.

las demás Hermandades se incorporan a las 20:15 a su paso junto a la Praza de Santa María.

La imagen de Cristo Yacente, que procede del antiguo Convento de Santo Domingo y hoy pertenece a la Orden Franciscana Seglar, es atribuida al escultor del siglo XVIII Agustín de Baamonde. La imagen de la Virgen de la Soledad, o del Séptimo Dolor, que acompaña a su Hijo en la procesión, es obra del notable imaginero y orfebre compostelano Manuel de Prado Marino, que floreció en el último tercio del siglo XVIII.

### 23:00 h. / PROCESIÓN DA VIRXE DA SOIDADE “AS CALADIÑAS”

ORGANIZA: Orde Franciscana Segrar; COLABORA: Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

ITINERARIO: Capela da Virxe da Soidade, Praza da Soidade, Armanyà, Conde Pallares, Praza Maior, Rúa da Raiña, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Ribadeneira, Quiroga Ballesteros, Capela da Virxe da Soidade (Praza da Soidade).

A procesión d’AS CALADIÑAS é a máis popular e multitudinaria da Semana Santa luguesa. Aínda que en tempos pasados era especificamente feminina, nos últimos anos participa tamén un bo número de homes e nenos.

La procesión de AS CALADIÑAS (las calladitas) es la más popular y multitudinaria de la Semana Santa lucense. Aunque en tiempos pasados era especificamente femenina, en los últimos años participa también un buen número de hombres y niños.

## 22 MARZO Sábado Santo



### 08:30 h. / PROCESIÓN PENITENCIAL DA VIRXE DA PIEDADE, SANTO ROSARIO E VÍA CRUCIS

ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e da Nosa Señora da Piedade.

ITINERARIO: Catedral, Praza de Santa María, Praza Maior, Catedral.

O hábito dos confrades é o que foi descrito na súa procesión do mércores. Esta procesión caracterízase por unha grande sinxeleza.

El hábito de los confradeses el que se ha descrito en su procesión del miécoles. Esta procesión se caracteriza por una gran sencillez.

### 23:15 h. / SOLEMNE VIXILIA PASCUAL

LUGAR: Catedral

O Sábado Santo é tempo de espera entre a Paixón e Morte de Xesús e a súa Resurrección gloriosa. A Vixilia Pascual, que se celebra con gran solemnidade na Catedral lucense, foi chamada por Santo Agostiño de Hipona “a nai de todas as vixilias”.

El Sábado Santo es tiempo de espera entre la Pasión y Muerte de Jesús y su Resurrección gloriosa. La Vigilia Pascual, que se celebra con gran solemnidad en la Catedral lucense, fue denominada por San Agustín de Hipona “la madre de todas las vigilias”:

## 23 MARZO Domingo de Resurrección



### 11:40 h. / PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

ITINERARIO: Casa do Concello, Praza Maior, Catedral.

Esta curta procesión, na que Santa María vai ó encontro do seu fillo resucitado, ten unha especial solemnidade e significación.

A imaxe da Virxe do Rosario, patroa especial do Concello de Lugo, está durante o ano na capela do cemiterio municipal de San Froilán; con anterioridade a esta procesión é traída á Casa do Concello para ser revestida coa roupa procesional de loito. Do Consistorio sae portada en andas por membros da Policía Local, e é acompañada pola Corporación Municipal vestida de escuro e coa medalla corporativa, precedida de maceiros e seguida pola Banda Municipal.

Esta curta procesión, en la que Santa María va al encuentro de su hijo resucitado, tiene una especial solemnidad y significación.

La imagen de la Virgen del Rosario, patrona especial del Ayuntamiento de Lugo, está durante el año en la capilla del cementerio municipal de San Froilán; con anterioridad a esta procesión se traslada a la Casa Consistorial para ser revestida con la ropa procesional de luto. Del Consistorio sale portada en andas por miembros de la Policía Local, y es acompañada por la Corporación Municipal vestida de oscuro y con la medalla corporativa, precedida de maceros y seguida por la Banda Municipal.

### 12:00 h. / SOLEMNE MISA PONTIFICAL DE RESURRECCIÓN

LUGAR: Catedral

# SOCIEDAD FILARMÓNICA DE LUGO

## Concerto extraordinario de Semana Santa

Domingo, 16 de marzo  
Salón Rexio do Círculo das Artes, 20:30 h.

### Orquestra Filharmónica de Ceske-Budejovice e Coro de Cámara de Praga

Marie Fajtova, soprano - Verónica Hajnova, mezzo  
Jaroslav Brecina, tenor - Roman Vocel, baixo  
Director: Jaroslav Krcek

Programa:  
"Stabat Mater" de G. B. Pergolesi  
"Requiem" de W. A. Mozart

Patrocinado por:



xacobeo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

## CELEBRACIÓNS NAS PARROQUIAS E OUTRAS COMUNIDADES

PARROQUIAS	XOVES SANTO		VENRES SANTO		SÁBADO SANTO
	MISA DA CEA DO SENOR	VIXILIA DE ORACIÓN	VÍA CRUCIS	CELEBRACIÓN DA PAIXÓN	VIXILIA PASCUAL
San Pedro	5 tarde	—	11 mañá	5 tarde	9 noite
Santiago (Nova)	8 tarde	11 noite	12 mañá	5:30 tarde	11 noite
San Froilán	7 tarde	—	7 tarde	5 tarde	11 noite
San Antonio	5 tarde	10 noite	12 mañá	4 tarde	10 noite
Sagrado Corazón	5 tarde	9 noite	12 mañá	5 tarde	8 tarde
A Milagrosa	5 tarde	10 noite	12 mañá	5 tarde	10 noite
San Lourenzo	5 tarde	—	4:30 tarde	5 tarde	9 noite
San Francisco Xavier	5 tarde	10 noite	11 mañá	5 tarde	8:30 tarde
Bo Pastor	6 tarde	—	5:30 tarde	6 tarde	10 noite
San Xosé	6 tarde	—	12 mañá	5 tarde	8:30 tarde
PP. Franciscanos	7:30 tarde	—	6:30 tarde*	5 tarde	8 tarde
MM. Agustinas	5 tarde	—	—	5 tarde	8 tarde
MM. Salesas	5 tarde	—	—	4 tarde	9 noite
Residencia San Roque	4:30 tarde	—	—	4:30 tarde	8:30 tarde
Capela Soidade	4 tarde	—	—	3 tarde	—
San Lázaro	5 tarde	—	—	5 tarde	—
Irmás da Cruz	5 tarde	—	—	4 tarde	10:30 noite
Santiago (Saamasas)	6:30 tarde	—	—	5:30 tarde	—

\* Franciscanos, venres 6:30 h: Acto do Desencravo

Parroquias de San Froilán e Sagrado Corazón: Sábado Santo, ás 11 da mañá, Meditación do Santo Rosario.



## Xunta de Confrarías

Patrocina:



## EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Entidades colaboradoras:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



**CAIXA GALICIA**

**caixanova**



**Edita: Concello de Lugo - Concellería de Cultura e Turismo**

Fotografías: Eduardo Ochoa

Depósito Legal: LU 40-2008